



## RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

O 20 de febreiro de 2020 tivo entrada na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, unha solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; que foi presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] e que quedou rexistrada co número 2020/386229.

O obxecto da solicitude é o acceso aos “*Expedientes completos, foliados, fechados y verificables del Igape, y [REDACTED], de la Axencia Galega de Innovación, así como su desarrollo administrativo si este fuera asumido por otro órgano.*”

O 24 de febreiro de 2020 esta solicitude recibiuense na Axencia Galega de Innovación, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Cómpre sinalar que o prazo para resolver sinalado no parágrafo anterior quedou interrompido coa entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, xa que na súa disposición adicional terceira decreta a suspensión dos prazos administrativos.

No mesmo sentido, a Resolución do 15 de marzo de 2020 (DOG núm. 51, do 15 de marzo), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do COVID-19, no seu punto séptimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por Orde do 5 de maio de 2020 da Consellería de Economía, Emprego e Industria ( DOG núm. 90, do 11 de maio), autorizouse a continuación da tramitación, entre outros, dos procedementos de acceso á información pública para a protección do interese xeral e para garantir o principio de transparencia, máxime no contexto COVID. De acordo co anterior, reanúdase o cómputo do prazo para resolver este procedemento a partir do día seguinte ao da publicación da Orde de continuación no Diario Oficial de Galicia.



Examinada a solicitude de acceso á información pública referente ao expediente [REDACTED], o Departamento de Xestión de Innovación informou o seguinte:

*"A entidade [REDACTED] presentou o 20 de febreiro de 2020 unha solicitude de acceso á información pública ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria referente aos expedientes completos, foliados, datados e verificables [REDACTED] do IGAPE, e [REDACTED], da Axencia Galega de Innovación, así como o seu desenvolvemento administrativose este fóra asumido por outro órgano.*

*A entidade motiva a solicitude de acceso á información no suposto de que nestes expedientes figuran proxectos "para mellorar a rede de auga sobrerecalentada" que se corresponden unívocamente, cando menos na súa maior parte, coa licitación pública [REDACTED]  
[REDACTED].*

*Mediante as resolucións da directora da Axencia Galega de Innovación [REDACTED]*

*[REDACTED] concedeuse unha subvención a [REDACTED]*

*dentro do programa Industrias do Futuro 4.0. 2016 para a realización do proxecto [REDACTED]*

*[REDACTED]  
[REDACTED]  
[REDACTED]  
[REDACTED]  
[REDACTED]*

*Os tres obxectivos principais do proxecto [REDACTED] son:*

*1) Concebir, deseñar, desenvolver, construir e validar [REDACTED]*

*[REDACTED].*

*2) Concebir, deseñar e desenvolver sistemas e componentes que permitirán poñer no mercado os*

*[REDACTED]  
[REDACTED]. Lograr todas estas características de maneira simultánea, levando a cabo as actividades de desenvolvemento experimental de ambos conceptos (produto e proceso) ao unísono, intrínsecamente unidas e de forma indivisible.*

*3) Validar todo o anterior adecuadamente, mediante a construcción e ensaio dos distintos prototipos [REDACTED] e das instalacións, illas, liñas, etc., que se integren na [REDACTED].*

*Á vista de toda a documentación obrante no expediente [REDACTED], INFORMO:*

*Que as actividades subvencionables dentro proxecto [REDACTED] correspóndense con tarefas de investigación e desenvolvemento experimental que se desenvolverán dentro das instalacións do*



[REDACTED] En ningún momento do proxecto se acometerán actuacións dentro do ámbito de actuación [REDACTED], como son as descritas por [REDACTED].

Que a memoria técnica achegada xunto coa solicitude da axuda [REDACTED] [REDACTED] non inclúe ningunha referencia á mellora da rede de auga sobrementada. Tampouco se atopan referencias a esta rede de auga nas memorias xustificativas anuais dos traballos desenvolvidos."

Así mesmo, o día 14 de maio de 2020 deuse traslado da solicitude de información pública a [REDACTED], de conformidade co disposto no artigo 19.4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, coa finalidade de que adoptase unha decisión sobre a concesión ou denegación do acceso conforme a devandita normativa.

O día 21 de maio de 2020 [REDACTED] achegou escrito no que manifesta a súa oposición ao acceso aos expedientes solicitados nos seguintes termos:

"[REDACTED], con DNI [REDACTED] actuando en nombre y representación de la sociedad [REDACTED]. (Escritura de elevación a Público de Acuerdos Sociales de Notario [REDACTED]).

En contestación a la petición de la Jefa del Departamento de Ayudas de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, acerca de la concesión o denegación de acceso a la solicitud de acceso a información pública nº de registro 2020/386229, presentado por [REDACTED] [REDACTED] en representación de [REDACTED] (ley 19/2013 de 9 de decembro).

*EXPONE:*

1. [REDACTED] no mantiene, ni ha mantenido, relación contractual alguna con [REDACTED] [REDACTED] que guarde relación con los gastos en I+D objeto del expediente [REDACTED] de la Agencia Gallega de Innovación.

[REDACTED] ha interpuesto en el Juzgado de Primera Instancia nº 39 de Barcelona [REDACTED], una demanda a [REDACTED] y a [REDACTED] empresa adjudicataria del proyecto de obra [REDACTED]

[REDACTED], ajena totalmente al proyecto [REDACTED] de la Agencia Gallega de Innovación

2. La actuación a que se refiere en su solicitud de Información [REDACTED] "mejora de la red de agua sobrementada" ha sido licitada y contratada por [REDACTED], existiendo un compromiso entre [REDACTED] y [REDACTED] de suscribir un contrato de compra venta de la instalación, una vez ejecutada la misma.



3. La actuación “mejora de la red de agua sobrecaleentada” objeto de la solicitud de información, no guarda relación alguna con los gastos en I+D incluidos en la solicitud de ayuda [REDACTED] de la Agencia Gallega de Innovación.

4. La información facilitada por [REDACTED] a la Agencia Gallega de Innovación para fundamentar la solicitud del expediente [REDACTED] contiene documentación confidencial que no debe ser expuesta a ningún tercero; y menos en caso de no existir legitimación alguna en la petición de ésta.

5. Con respecto al expediente [REDACTED], se ha dado traslado al IGAPe y a la Subdirección General de Incentivos Regionales, Ministerio de Hacienda, Gobierno de España (Ayuda estatal SA.49579, procedimiento de investigación formal de la ayuda llevado a cabo por la Comisión Europea) de la negativa a facilitar información alguna en la contestación emitida al respecto con fecha 16/03/2020.

Y en base a todo lo expuesto en la presente contestación

SOLICITA:

Se tengan por presentadas las siguientes observaciones, significando nuestro rechazo a que la información requerida por [REDACTED] respecto a nuestras solicitudes [REDACTED] de la Agencia Gallega de Innovación y su [REDACTED] de IGAPe, sea facilitada.”

De acordo coa letra j) do artigo 14.1 da citada Lei 19/2013 e o artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial.

De acordo co que antecede a directora da Axencia Galega de Innovación, RESOLVE

Denegar o acceso á información solicitada por [REDACTED] en relación ao expediente [REDACTED] da Axencia Gallega de Innovación ao considerar que a divulgación da información a cal se pretende acceder supoñería un prexuízo para a materia sinalada na letra j) do artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Argerey Vilar